

ACTA DA SESIÓN DO GRUPO DE TRABALLO ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO” COIDAR DE NOS III”, CONCELLOS DE PONTEAREAS - AS NEVES 2020. ESPECIALIDADE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA - ÁREA SANITARIA

Nas Dependencias do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Ponteareas, sito no Barrio de A Lomba do Cruceiro, da Parroquia de Ribadetea, sendo as 11,00 horas do día 15 de decembro de 2020, reúnen os compoñentes do Grupo de Traballo Mixto, nomeado por Resolución da Alcaldía, con data de 07/12/2020:

D. Manuel Martínez Pérez, en calidade de técnico
Dna. Isabel Illán Millán, en calidade de técnica.
Dna. Esperanza Goyanes López, en calidade de técnica
D. José González Montero, en calidade de secretario, (sen voz, nin voto)

A finalidade desta sesión é a probación da listaxe provisional da entrevista curricular e a valoración de méritos, segundo os baremos da documentación presentada polas persoas candidatas admitidas para as prazas de experto/a docente da Especialidade de Atención Sociosanitaria Área Sanitaria do proxecto de Obradoiro da entidade promotora.

As persoas admitidas para esta convocatoria segundo nomeamento por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), son as seguintes:

CURRÁS COSTAS MARÍA JOSÉ
MARTINEZ BAZ-TIEFENBACHER MICHAELA
PEREZ OTERO MARIA CRUZ
SANS GÓMEZ IRIA
VALVERDE VILLAR MARIA SONIA

Das cinco persoas elixidas non se presentaron: dona MARIA CRUZ PÉREZ OTERO e MARÍA SONIAVALVERDE VILLAR .

Unha vez feita a entrevista aos canidatos/as, procédese á valoración dos méritos presentados ante o Grupo de traballo Mixto, que por unanimidade adoptou os seguintes acordos:

1.- Aprobar a listaxe provisional das puntuacións das persoas candidatas remitidas pola Oficina de Emprego co seguinte resultado:

NOME	FASE DE ENTREVISTA PERSOAL	FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS	TOTAL PUNTOS
CURRÁS COSTAS MARÍA JOSÉ	5,50	7,18	12,68
MARTINEZ BAZ-FIEFENBACHER MICHAELA	4,50	5,92	10,42
SANS GÓMEZ IRIA	3,00	3,60	6,60

2.- Publicar a referida listaxe na páxina web do Concello de Ponteareas (Emprego Público).



Os candidatos poderán revisar a valoración de méritos feitos polo Grupo de Traballo Mixto, nas Dependencias do Centro de Desenvolvemento Local o día 16 de decembro de 2020, dende as 9,00 horas ata 14,00 horas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada a sesión, ás 12,15 horas do mesmo día, e asinan os membros do Grupo de Traballo Mixto, en proba de conformidade.

Asdo./ Manuel Martínez Pérez

Asdo./ Isabel Illán Millán

Asdo./Esperanza Goyanes López

Asdo./José González Montero

